

**CONCELLO
DE VIGO**




**VIGO
EN GALEGO**

Obradoiro de escrita creativa



Este obradoiro está dirixido a todas aquelas persoas que senten pracer pola escrita, teñan ou non experiencia. O seu obxectivo é ofrecerlles ferramentas personalizadas coas que poidan enfrontarse ao papel en branco, iniciar a creación dun texto literario de calquera tipo ou simplemente experimentar e sorprendernos. A través de exercicios, xogos e actividades moi diversas exploraremos, aprenderemos, escribiremos e gozaremos. Compartiremos esa paixón común que temos pola palabra.

Datas: 24, 27, 31 de outubro; 3, 7, 10, 14, 17, 21, 24 e 28 de novembro de 2022 (luns e xoves, total 11 días)

Horario: de 17:00 a 20:00. Total: 33 horas

Lugar: edificio Mar de Vigo, planta 5ª (entrada pola porta da UNED, Avda. de Beiramar, 57)

[Ligazón a google maps](#)

Para inscribirse debe cubrir o formulario “[inscricións](#)” da páxina web [snl.vigo.org](#)

*No título de actividade deben poñer: **escrita creativa***